



Grupo Municipal de Ribeira

XOSÉ ANTONIO VAZQUEZ COBAS, Concelleiro Portavoz do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante a Comisión de Goberno e ante o Alcalde, **en relación ao Xantar dos Maiores 2013**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Oa nosos maiores ben merecido o teñen mais non é oportuno e eles mellor ca ninguén entenderano, sobre todo cando hai tanta necesidade ao seu arredor:

Sabemos que os pensionistas galegos teñen as pensións máis baixas do Estado español e que o goberno vai recortar, aínda máis, coa reforma que anda a argallar. Entenderano porque son eles, en moitos casos, os que coa súa minguada pensión sustentan, a máis do seu fogar, o fogar dos seus fillos e netos desempregados. Eles, que saben de primeira man, dos mil sacrificios dos repagos e recortes na sanidade, na dependencia, nos servizos sociais, na educación que están a sufrir nas súas familias.....

Comprenderán que non é xusto usar cartos públicos para un “*opíparo xantar*” ofrecido polos mesmos que lle recortan dereitos coa trécola da austeridade que os políticos do goberno non se aplican así mesmos.

Estamos lendo e escoitando que organizacións benéficas e sen animo de lucro : Cruz Vermella, Caritas, Renacer, Loita contra o Cancro e moitas máis non teñen cartos para atender a grande necesidade que hai na nosa cidade de Ribeira.

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira

SOLICITA:



Grupo Municipal de Ribeira

- **Que o Concello de Ribeira non organice o Xantar dos Maiores e que os cartos sexan destinados a partidas sociais tales como (comedores sociais, ONG's, ensino, sanidade, dependencia, etc).**

Ribeira, novembro de 2013

Asdo.: Xosé Antonio Vázquez Cobas
Concelleiro Portavoz do BNG de Ribeira



Grupo Municipal de Ribeira

B N
G .
G r
u p
o
M u
n i
c i
p a
l
d e
R i
b e
i r a

